

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 6 DE NOVEMBRO DE 2013

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día seis de novembro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA e DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 30 de outubro de 2013.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.- Acórdase a desestimación do recurso de reposición contra o decreto do Tenente de Alcalde Delegado da Área de Urbanismo e Medio Ambiente, número 13008848 do 19 de setembro de 2013, polo que se denegou a licenza de apertura dunha oficina na rúa Peña Anda, 12-baixo A.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para reforma e ampliación da vivenda unifamiliar en ringleira con licenza número 1095/00 e peche da parcela sita en solo urbano na rúa Campos Novos, 82; para construción de vivenda unifamiliar na área de expansión con ordenación predeterminada do núcleo rural número 28.2 Castelo-Cerracín-Cacabelos, parroquia de Mazoi e para legalización de modificación de emprazamento de fosa séptica, con licenza número 354 AE/13, para dar servizo a vivenda unifamiliar con licenza de rehabilitación número 99/2005, sita no núcleo rural 12.5 Malle-Bóveda (Santa María).

Acórdase a rectificación de erro no acordo número 4/293 adoptado pola Xunta de Goberno Local do 3-5-2013 polo que se concedía licenza para instalación dunha plataforma metálica sobre tellado, para acceso a antena de recepción de televisión con licenza número 785/2000, no edificio sito no solo clasificado como urbano, na Praza Viana do Castelo, 7.

Acórdase denegar a licenza para instalación de estación base de telefonía móbil na rúa Portugal, número 19.

Código Seguro de verificación: JbM8VQh6eBDIzA046ydo1w==. Permite a verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		FECHA	07/11/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	JbM8VQh6eBDIzA046ydo1w==	PÁGINA	1/3



JbM8VQh6eBDIzA046ydo1w==

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

3. PERSOAL.- Acórdase a autorización para realizar servizos extraordinarios por un animador sociocultural e por un enxeñeiro municipal.

Acórdase a autorización para realización de servizos extraordinarios para levar a cabo polo enxeñeiro municipal.

Así mesmo, acórdase o recoñecemento de servizos extraordinarios a persoal da EIM "Gregorio Sanz"

Tamén se acorda a designación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo convocado para o acceso en propiedade a unha praza de tradutor/a, pertencente o cadro de persoal funcionario do Concello. Quenda de consolidación de emprego.

Acórdase a designación do tribunal cualificador – selección auxiliar de cociña, obra "unha escola aberta".

Acórdase a designación do tribunal cualificador – selección mestre, obra: "Apoio escolar a menores en risco de exclusión social".

Acórdase a designación tribunal cualificador – selección 2 auxiliares domicilio, obra: "Contratación de persoal auxiliar de axuda no fogar para o centro de acollida"

Acórdase a designación tribunal cualificador – selección traballador/a social, obra "Apoio o asociacionismo de mulleres vítimas de violencia de xénero".

Acórdase a modificación das retribucións mensuais fixas que percibe un policía local.


ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a revisión de prezos para o período comprendido entre o 20 de xaneiro de 2013 ata o 19 de xaneiro de 2014 para a actualización do contrato correspondente ao servizo de cociña na escola infantil "Gregorio Sanz".

Tamén se acorda a prórroga e revisión de prezos do canon e das tarifas de consumición correspondentes á explotación do servizo de cafetería sita no Centro

Código Seguro de verificación: JbM8VQh6eBDIzA046ydo1w==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	07/11/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	JbM8VQh6eBDIzA046ydo1w==	PÁGINA 2/3



JbM8VQh6eBDIzA046ydo1w==

de Convivencia Uxío Novoneira, para o período que vai dende o 27 de outubro de 2013 ata o 26 de outubro de 2014.

Acórdase a incoación do expediente na resolución do contrato subscrito para a explotación da cafetería restaurante anexa ao Centro de Empresas e Innovación (Complejo CEI-Nodus-Espazo LAB-Parque de bombeiros).

Acórdase a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto 20 na contratación dun plan integral de control de estornións da cidade de Lugo 2013 e a apertura do procedemento de adxudicación.


Acórdase aprobar as instrucións sobre boas prácticas para a xestión dos contratos de servizos e de xestión de servizos públicos

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptase o seguinte acordo:

- Acórdase a delegación de competencia na Tenenta de Alcalde e Concelleira Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación para a aprobación de todos actos de trámite e resolutivos necesarios para a contratación de diversas contratacións dentro do proxecto "Muralla Dixital" (0413_ Muralla_1_e) cofinanciadas nun 75% por Fondo Europeo de desenvolvemento regional (FEDER) no marco da segunda convocatoria do programa POCTEP 2007-2013.

Asinado pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, María del Carmen Basadre Vázquez.

Código Seguro de verificación: JbM8VQh6eBDIzA046ydo1w==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		FECHA	07/11/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	JbM8VQh6eBDIzA046ydo1w==	PÁGINA	3/3
 JbM8VQh6eBDIzA046ydo1w==				